

*Xacobeo  
2021 e a  
Ruta  
da  
Seda*



CAMIÑOS  
PARA O  
DIÁLOGO  
ORIENTE  
OCIDENTE

# INFORME FINAL | RESUMO

13 / OUTUBRO / 2020



[www.igadi.gal](http://www.igadi.gal)

*Xacobeo  
2021 e a  
Ruta  
da  
Seda*



# INFORME FINAL / RESUMO

13 / OUTUBRO / 2020



CAMIÑOS  
PARA O  
DIÁLOGO  
ORIENTE  
OCCIDENTE

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN .....	4
2. CONTEXTO HISTÓRICO .....	6
3. CONTEXTO INSTITUCIONAL: A ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA NA DÉCADA XACOBEOA E A AXENDA 2030 .....	8
4. METODOLOXÍA .....	10
5. IDENTIFICACIÓN DE ACTORES NA REDE GALICIA-CHINA .....	12
6. DIAGNOSE INTERNA .....	16
7. DIAGNOSE EXTERNA .....	21
8. ANÁLISE DAFO DAS RELACIÓNS GALICIA-CHINA .....	22
9. IDENTIFICACIÓN LIÑAS NARRATIVAS DE UNIÓN XACOBEO-RUTA DA SEDA: INSTITUCIONAL, CULTURAL, LINGUA, COÑECEMENTO, COMERCIO E TURISMO SOSTIBLE .....	24
10. CAMBIO DE PRISMA E PLAN CHINA 2030 .....	26
11. CONCLUSIÓNS .....	32

# 1. INTRODUCCIÓN

O seguinte informe enmárcase coma un dos resultados concretos do proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente”. Este proxecto naceu financeiramente froito da convocatoria de O Teu Xacobeo da Xunta de Galicia 2019-2020 e posteriormente contou coa colaboración dos Concellos de Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra e Lugo. No proxecto colabora de maneira particular Casa Asia.

O proxecto de investigación alíñase co Xacobeo 2021, o conxunto das políticas públicas da acción exterior de Galicia e a Axenda 2030 de Nacións Unidas, transversalmente cos seus 17OD, mais de maneira moi particular co ODS 16, Paz, xustiza e institucións sólidas, e o ODS 17, Construír alianzas internacionais.

“O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” naceu da premisa inicial de que o diálogo entre o Camiño de Santiago e a Ruta da Seda deberá ser parte integrante e substancial do diálogo Europa-China, e sobre todo un recurso potencial de gran valor para o fomento dos intercambios a outros niveis, sumando converxencias para Galicia de crecente influencia global. O proxecto naceu da crenza de que Galicia debería poñer en valor o seu capital exterior, simbólico e operativo, e que o diálogo entre os Camiños a Santiago e a Ruta da Seda ofrecía no marco do S.XXI un espazo ideal para im-

pulsar unha maior coordinación e maior coñecemento mutuo con China, así coma unha plataforma con forte valor simbólico para posicionar o selo exterior de Galicia.

O informe final da conta da investigación realizada ao longo dos meses do proxecto, entre novembro de 2021 e outubro de 2020, afectada pola pandemia da Covid19 e as incertezas de curto e tamén de fondo na sociedade internacional.

## OS CAMIÑOS A SANTIAGO E EUROPA

O 23 de outubro de 1987 o Camiño de Santiago foi declarado, polo Consello de Europa, primeiro Roteiro Cultural Europeo. Dita declaración vén tras o traballo comezado pola Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa na súa recomendación 987 (1984), en relación aos Roteiros Europeos de peregrinación, elaborada en base ao informe do parlamentarío alemán Günther Müller, sobre “Os Camiños de Santiago e outros roteiros europeos de peregrinación”. Nesa declaración refírese textualmente a existencia de varios “Camiños de Santiago sobre o conxunto do territorio europeo”. O Consello, apostando por esta denominación, pretende salvagardar a identidade supranacional da ruta, xa que os peregrinos partían dunha gran diversidade de lugares e moi afastados entre si.

Desde aquela Declaración os Camiños a Santiago popularizáronse coma un dos elementos simbólicos de maior relevancia europea, por medio de distintos premios e distincións,

---

1 O proxecto formulouse inspirado polo artigo escrito no ano 2015 polo do fundador e Presidente de Honra do IGADI, Xulio Ríos “De rutas e camiños no S.XXI”

alén dunha multiplicación exponencial dos visitantes europeos a Santiago ea Galicia, desde o icónico Xacobeo 1993, nacido da colaboración entre Manuel Fraga, Presidente da Xunta (1990–2005), e Xerardo Estévez, Alcalde de Santiago (1983–1986 e 1987–1998).

## A RUTA DA SEDA NO S.XXI

Aínda que o presente proxecto enraíza as distintas actividades desde as raíces históricas presentes dos Camiños e a Ruta da Seda, térase de maneira explícita presente na lóxica deste informe, tanto a lóxica do actual Xacobeo coma política pública, así coma a natureza da actual iniciativa “One Belt, One Road” impulsada polo actual Presidente da República Popular de China, Xi Jinping desde 2013. Un proxecto en construción permanente da conectividade global chinesa no S.XXI, asentado en marzo do 2015 baixo os principios, o marco, as prioridades de cooperación e os mecanismos iniciais da súa iniciativa “a Franxa e a Ruta” destinada a fortalecer a conectividade rexional e global.

Clase política e cidadanía deben ser conscientes de que no contexto global no que nos atopamos e considerando a Asia-Pacífico a zona do planeta onde máis países levaron a cabo unha transformación económica sen igual nas últimas décadas, o coñecemento e o noso posicionamento alí debe ser considerado un obxectivo estratéxico. Nesta prioridade xeográfica destaca o caso chinés especificamente determinado polo volume e dinamismo da súa economía, así coma pola ligazóns xa existentes entre Galicia e China.

## O XACOBEO, AS CIDADES, A PARTICIPACIÓN CIDADÁ E A PROXECCIÓN DE GALICIA NA CHINA

En Galicia, o actual Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 establece coma un pilar fundamental a implicación e a participación activa da cidadanía, tal é como se describe no primeiro aspecto facilitador da diagnose do Plan Es-

tratéxico do Xacobeo 2021. Ao mesmo tempo o Plan define ao Xacobeo e o Camiño coma vehículos excepcionais para a posta en valor de Galicia no exterior.

En relación ao proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” e as relacións de Galicia con Asia, cómpre neste sentido destacar que o IGADI (entidade responsable deste informe) destaca pola tradición nos estudos asiáticos e chineses desde a súa fundación no 1991 e pola súa propia conexión particular coa Nova Ruta da Seda, tendo por exemplo organizado un Foro coa Academia de Ciencias Sociais China arredor da mesma, en Santiago de Compostela, en setembro de 2017.

Con este escenario, e desde unha perspectiva europea, xacobeo e universal (Axenda 2030) atopámonos co escenario perfecto para desenvolver estas posibilidades, iniciando un proceso innovador para achegarnos a China coma europeos e coma galegos, na procura de maiores rendementos turísticos, económicos e socioculturais para a nosa comunidade, mais tamén, procurando valores intanxibles arredor da construción da paz e o diálogo entre os pobos.

A fórmula de traballo en rede á hora da consecución de financiamento para este proxecto á hora de facilitar a relación de Galicia con China, albíscase coma unha oportunidade tanto para a acción exterior galega, coma para a mellora do perfil competitivo e cooperativo das cidades, agora que estas cada vez máis fan parte nuclear do diálogo global e dos dilemas da gobernanza e o multilateralismo no S.XXI.

**Palabras chave:** Camiño de Santiago, Ruta da Seda, comercio, peregrino, promoción, Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

**Keywords:** St James Way, Silk Road, commerce, pilgrim, promotion, SDGs.

## 2. CONTEXTO HISTÓRICO

O Camiño de Santiago son varios camiños cun único destino e diversas as motivacións que poden facer decidir ao peregrino escollelo para poñerse en marcha cara a fin da terra. Europa conecta así con Galicia, pero como conecta Galicia co mundo?

O relato de viaxes máis antigo do noso país foi escrito por unha muller galega chamada Exeria. Unha dama que no século IV describiu con preciso detalle a súa viaxe de peregrinación a Terra Santa. Xerusalén, Exipto, o Sinaí e Mesopotamia foron lugares do Oriente Próximo pormenorizados no *Itinerarium Egeriae*.

Xa máis tarde, nese regueiro histórico que conecta Galicia con Oriente, alá por 1397, un pontevedrés sería enviado como embaixador polo Rei Enrique III, cara o lonxano Oriente ante a corte de Tímur o Mongol. Paio Gómez de Soutomaior tiña como obxectivo da viaxe trabar amizade co Gran Tamerlán e evitar así que a expansión do imperio musulmán afectase a España na Idade Media. Paio Gómez de Soutomaior conseguiu tal empresa con éxito ao participar na batalla na que o Gran Tamerlán vence ao turco Bayeceto.

Máis tarde, en 1520 os nobres galegos conseguirían que nas Cortes de Castela o Rei Carlos I propuxera que Galicia tivera a Casa da Especiaría na Coruña. Os galegos estaban moi interesados no mercado das especias dende as Molucas (Indonesia) e o sudeste asiático. O papel relevante de Don Fernando de Andrade destaca por investir nas expedicións aínda que logo fracasarían. A vida da Casa da

Especiaría foi curta pero intensa e da conta do interese, actitude proactiva e a decisión de querer ter un papel relevante no comercio das especias co mercado do norte de Europa. Galicia comezaba a súa aventura.

De Oriente a Occidente. Armenia é o país do que se ten constancia do primeiro peregrino documentado, Simeón de Armenia, ano 983 ó 984. De tódolos xeitos non se pode precisar si Simeón chegou a Compostela desde Armenia ou desde outro punto de Europa, como Roma. No século XII tamén está rexistrada a visita dun arcebispo de Nínive -Irak- acompañado por varios prelados armenios.

A Ruta da Seda naceu sendo un concepto non un itinerario físico. A pesares da idea xeralizada de que a ruta da seda comeza no lonxano Oriente, non foi así como se fundou. Oriente non coñecía Occidente e viceversa. Samarcanda coñecía os dous. Así, ese territorio intermedio entre estes dous puntos desfrutaba dun progreso sen igual en tódalas áreas: infraestruturas, cultural etc. Era lugar de paso para diplomáticos, peregrinos, comerciantes e guerreiros. A idea de chegar a Samarcanda non era exclusivamente a de mercar cos mellores produtos senón tamén aprender novas ideas, de intercambiar culturas, tradicións, relixións e linguas.

A vía marítima era unhas das máis empregadas e Venecia o punto clave en territorio occidental máis importante para a admisión de mercadorías de luxo como as especias e as teas de seda. A recepción destes produtos

unha vez chegaban a península posiblemente empregaran as vías romanas xa existentes para rematar no norte. Concretamente no Mosteiro de Celanova. Entre o tesouro de Frai Rosende atópanse ricas teas que viñan de Bizancio.

Na actualidade a nova Ruta da Seda que recibe o nome de “A Franxa e a Ruta” remata por terra en Madrid. Parte de Yiwu, e despois de percorrer máis de 13.000 quilómetros por ferrocarril pola vía de Kazaxistán e pasando por Rusia, Bielorrusia, Polonia, Alemaña, Francia e chega finalmente a Madrid. De aí o resto da península. Ven coa carga completa de mercadorías e regresa case baleiro de oportunidades perdidas. E que pensaría Pepe Castedo de todo isto?

### 3.

## O CONTEXTO INSTITUCIONAL: A ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA NA DÉCADA XACOBEOA E A AXENDA 2030

Este proxecto ao igual que o conxunto do traballo que realiza o IGADI enmárcase dentro da construción da acción exterior de Galicia, coma política pública ordenadora da conectividade internacional de Galicia. Instrumentos como a creación do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (1997) a rede solidaria de Concellos do municipalismo galego) a definición do primeiro Libro Branco de Acción Exterior de Galicia (2004) atópanse nos fitos da historia do IGADI en relación a súa capacidade de incidencia institucional en Galicia.

### A ACCIÓN EXTERIOR GALEGA, CHINA E OS CAMIÑOS A SANTIAGO

Actualmente as políticas públicas para a acción exterior de Galicia atópanse á espera do desenlace final dunha Lei galega de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento. Entre o 2019 e o 2020 a Xunta promoveu o proceso para a súa creación, quedando o proxecto de Lei ás portas do Parlamento, tras ser aprobada xa polo Consello de Acción Exterior e o Consello da Xunta.

En calquera caso, actualmente as relacións de Galicia con China, desde o marco legal e institucional débense de contextualizar no marco do Decreto 178/2015, do 26 de novembro, que regula a Acción Exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, así coma da Estratexia Galega de Acción Exterior (2018). Esta nova arquitectura en construción da acción exterior de Galicia, debe explicarse no desenvolvemento da Lei 2/2014 do 25 de marzo de

Acción Exterior e do Servizo Exterior do Estado, e a 25/2014 do 27 de novembro, de Tratados e outros Acordos Internacionais

Máis alá das posibilidades por explorar na acción exterior de Galicia, e a espera dos debates parlamentarios e estratéxicos oportunos, a relación coa China impulsada desde a Xunta de Galicia debe ter en conta fitos relevantes dos últimos anos, como a primeira visita dun Presidente galego a China ou a sistematicidade das misións exteriores do IGAPE a China desde o 2017, así coma a identificación do IGADI na Estratexia Galega de Acción Exterior de 2018, na que o documento identifica ao IGADI coma actor estratéxico nas relacións con Asia e China.

### A DÉCADA XACOBEOA, A AXENDA 2030 E O DIÁLOGO UE-CHINA

No marco deste proxecto, tanto o Xacobeos 2021 coma o 2027 e 2032, así como a Axenda 2030 como elemento tractor de desenvolvemento humano global son o paraugas axeitado para pensar e programar unha década real de achegamento Galicia-China, desde as particularidades que o presente informe descubre.

No marco deste proxecto o aliñamento coa Axenda 2030 é un aliñamento transversal, que debe ser tido en conta en cada unha das decisións. Paradoxalmente e por citar un elemento, o turismo pode contribuír, directa ou



indirectamente, a todos os obxectivos. Concretamente, o presente proxecto e o propio plan de acción que impulsará pretende incluír nalgunhas das metas os obxectivos 8, 11, 12, 16 e 17 relacionados respectivamente co crecemento económico inclusivo e sostible, o consumo e a produción sostibles, as cidades sostibles, a paz, a xustiza e as institucións sólidas e o último coa conformación de alianzas para lograr os obxectivos. Así, este ambicioso conxunto de 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, con 169 metas vinculadas, está focalizado nas persoas, é universal e debe operar coma un todo. Afecta a Galicia e a todas, e pénsase desde a evidencia da interdependencia mundial e os riscos da globalización, comoapropia Covid19 demostrou.

No centro desta Axenda 2030 atópase unha ambición global mais centrada na actuación local. Así, en Galicia a Xunta de Galicia aprobou, o pasado 31 de outubro, a creación dunha comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 na nosa comunidade autónoma.

No caso do Concello de Santiago de Compostela cabe sinalar a creación dunha web compostela2030.gal para unha maior transparencia e accesibilidade do cidadán a información sobre as políticas municipais aliñadascoa Axenda 2030. Tamén coma exemplos de cidades pioneiras na integración das recomendacións da ONU compre citar o Plan Estratéxico da cidade de A Coruña (Axenda Urbana 2030) e a cidade de Pontevedra, polo seu bo facer no referente a construción dunha cidade pioneira e modelo no ámbito da Axenda 2030, que ten ao cidadán no centro do seu modelo, recoñecido no mundo enteiro de maneira permanente, desde o premio ONU-Hábitat de 2015 ao Premio Eurochina en Hong Kong (2015). Tamén cómpre ollar cara Lugo e a súa tradición internacional, do marco romano ao aliñamento do proxecto de Émadeira coa Axenda 2030 Life Lugo+Biodinámico.

## **A PANDEMIA DA COVID19 E A INCERTEZA RADICAL NA SOCIEDADE INTERNACIONAL.**

No marco dos obxectivos e lóxicas transversais deste proxecto non podemos esquecer o estado actual do diálogo UE-China, que durante a explosión da pandemia tivo semanas de altas e baixas, acusacións e agradecementos e o estrés que a covid19 trouxo ao conxunto das relacións internacionais.

Se ben o proxecto non alterou os seus principais obxectivos, resultados finais e actividades (a excepción das Xornadas que foron reconvertidas ao modelo online, suspendéndose as programadas para o Museo Peregrinacións do 17 de abril de 2020) o informe final do mesmo e o propio plan de actuación que presentamos na última parte do documento, non pode pasar por alto o cambio radical de escenario que desde marzo de 2020 o confinamento global e a crise sanitaria e económica da covid19, trouxo para o conxunto da humanidade.

## 4. METODOLOXÍA

Tendo presente o marco xeral e completo das actividades do “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” que rematarán publicamente coas Xornadas online do mesmo o 14, 15 e 16 de outubro, a investigación desenvolveuse conectado ao resto de obxectivos e actividades do proxecto, cubrindo as seguintes fases como expresa este cadro descritivo metodolóxico do proceso:

### XACOBEO 2021 E A RUTA DA SEDA / INFORME FINAL

#### Identificación:

#### MARCO INSTITUCIONAL e CONTEXTO GLOBAL

##### ANÁLISE INTERNO

- Análise da historia do Xacobeo E a Ruta da Seda.
- Análise da planificación da acción exterior galega e Turismo de Galicia .
- 25 entrevistas con persoas e entidades galegas con ligazóns con China.

##### ANÁLISE EXTERNO

- Análise de experiencias de relación de cooperación de cidades e rexións chinesas.
- Identificación e entrevistas con 77 persoas chinesas.
- Definición de matrices DAFO.



## FONTES DA INVESTIGACIÓN

### Primarias

#### Propias

- Realización de máis de 100 entrevistas entre entidades galega, entidades chinesas, entidades europeas, entidades americanas e persoas individuais.
- Matriz xeral de entrevistas cuestionarios formais (77).
- Realización de Cadro de estudo comparado da acción exterior local e rexional global coa China.
- Realización de Cadro de relacións históricas recentes dos Camiños: Francés, Inglés, Portugués e Primitivo, de Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra e Lugo coa China.

#### Institucionais

- Plan Estratéxico do Consello Xacobeo e Plan Director do Xacobeo 2021
- Plan estratéxico One Belt One Road, República Popular de China.
- Arquitectura institucional acción exterior de Galicia\_ EGAEX, Decreto 29/2015, Lei española do Servizo Exterior (2014), Lei española de Tratados (2014).

### Secundarias

- O IGADI, cun notable traballo histórico arredor da China, con Informes, cursos e edición de publicacións periódicas sobre o mundo asiático e chinés, contaba para a realización deste informe cun fontes secundarias propias.
- Documentos de Bases de Acción Exterior dos Concellos de Santiago de Compostela, Pontevedra e A Coruña.
- Cómpre mencionar especificamente toda a tradición bibliográfica e audiovisualXacobeas, tanto desde a Universidade galega coma internacional, así coma entidades xacobeas coma as Asociacións de amigos do Camiños, as entidades do xornalismo oua propia Academia Xacobeas.
- Cómpre tamén identificar a toda a tradición bibliográfica e audiovisual arredor da Ruta da Seda histórica e actual.
- Bibliografía xeral e hemeroteca.

## 5.

# IDENTIFICACIÓN DE ACTORES NAS RELACIONES GALICIA-CHINA

Na base do proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” atópase a creación dunha rede de interese para a promoción das relacións de Galicia con China no marco do Xacobeo e a Ruta da Seda, desde unha ollada coordinada, que facilite sinerxías, coñecemento mutuo e oportunidades, nun mínimo marco de estabilidade, desde a perspectiva da Axenda 2030 coma elemento tractor de prosperidade para a sociedade internacional.

Así as cousas e desde o coñecemento previo que o IGADI posuía das relacións de Galicia con China, fóronse realizando as entrevistas, ao tempo que se definía o marco de relacións nas súas redes sectoriais mais evidentes.

Deste exercicio nace este apartado onde identificamos as principais institucións e entidades que participaron no proceso de recollida de datos e información, e que ao mesmo tempo facilitan a identificación do mapa de relacións actuais e a análise das oportunidades e desafíos ás que nos diriximos á hora de artellar unha relación estratéxica coa China.

### A REDE GALICIA-CHINA

Para comprender a multiplicidade das relacións entre Galicia e China identificamos entre as entidades e persoas consultadas esta ollada plural de entidades vinculadas ao mundo institucional, académico, económico, sociocultural, turístico e ate espiritual e deportivo, que parcelou nun primeiro momento a procura de vínculos entre Galicia e China.

ENTIDADES	ÁMBITO ACTIVIDADE
Universidade da Coruña	Académico
Universidade de Vigo	Académico
Universidade de Santiago de Compostela	Académico
IESIDE (Escola de negocios de ABANCA)	Académico
Centro de Estudios Chinos	Académico
IGAPE	Económico-Empresarial
Morell Wines	Económico-Empresarial

Catedral de Santiago	Espiritual
EOI	Sociocultural
Festival IKFEM Eurocidade Tui-Valença	Sociocultural
MAMAHUHUeditorial	Sociocultural
Xacobeo	Turístico
Turismo de Galicia	Turístico
Observatorio de la Política China (IGADI)	Académico
Asociación cultural ACE Qu Yuan	Sociocultural
Escola DINAMIC de Artes Chinas	Deportivo
IKFEM Festival de teclado da eurocidade Valença-Tui	Sociocultural

Cómpre facer unha avaliación autocrítica xeral, xa que si ben é certo que todas estas institucións desempeñamos un papel fundamental nas posibilidades de artellar unha cadea de relacións Galicia-China chea de oportunidades para a nosa sociedade (e xa as estamos a desenvolver) a maioría das relacións, achegamento e coñecemento mutuo entre Galicia e China prodúcese maioritariamente de maneira puntual e pouco integrado (coma exemplo paradigmático e inicial a oferta pública de aprendizaxe do chinés en Galicia) deixando o peso da construción de vínculos a persoas individuais, que co seu esforzo e interese son capaces de tecer vínculos co dragón oriental máis alá da fotografía puntual ou o titular en prensa do día.

Ao mesmo tempo identificamos a Rede Galicia-China neste documento, como unha rede por construír, e coa que non se aspira a definir o total da rede real xa existente (empresas galegas de ámbito agroalimentar, automoción ou turísticoe outro tipo de entidades non aparecen identificadas, xa que non se

conseguía súa participación do proceso da recollida de datos) polo que a identificación presentada neste informe ten coma obxectivo ser representativa, mais non totalizante, do conxunto de conexións entre Galicia e China.

Cómpre apuntar por último que o conxunto de todas as actividades do proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” e as propias relacións actualmente existentes entre Galicia e China, non poden entenderse sen o traballo acumulado do Observatorio de la Política China, dirixido por Xulio Ríos (Premio Cátedra China 2018), fundador e Presidente de Honra do IGADI.

## ACTORES CHINESES EN GALICIA E ESPAÑA

A diáspora chinesa en Galicia, desde as traballadoras, aos profesores, especialistas ou empresarios, preséntase coma a primeira masa crítica coa que pensar as relacións coa China do futuro. Ao mesmo tempo escolas de chinés, asociacións culturais coa participa-

ción de persoas chinesas, empresas e negocios, ou a comunidade de estudantes chineses, son axentes a ter presentes nas relacións de Galicia coa China.

A súa vez, cómpre apuntar a ausencia de actores institucionais chineses de peso en Galicia, e que os actores chineses influentes e decisores nas relación Galicia-China, atópanse prioritariamente entre Madrid e Barcelona.

Preséntase o mapeado de institución e entidades chinesas clave nas relacións de Galicia con China.

Nesta identificación de actores non aspiramos a unha identificación totalizante do mapa de relacións, se non que identificamos aquelas entidades e institución coas que contamos con contacto desde o IGADI e o proxecto.

Universidad de Harbin	Académico
Jiangsu Normal University	Académico
Instituto Confucio/Hanban	Académico-institucional
Embaixada de China en España	Institucional
西班牙华侨华人协会 Asociación de Chinos en España - ACHE	Sociocultural
Asociación Educativa Cultural Qu Yuan (阿塞屈原) de Santiago de Compostela	Sociocultural
Centro Cultural de China en Madrid	Sociocultural
Academia ERYA, Centro de estudos de lingua y cultura oriental en Santiago de Compostela	Sociocultural
(BCC) Beijing Camino International Cultural Exchange Center	Sociocultural
Academia de Belas Artes	Sociocultural
Oficina Nacional de Turismo de China en España	Turístico
Asociación de la Nueva Ruta de la Seda	Económico
Asociación China Universitaria de Santiago de Compostela (圣地亚哥大学中国学生学联)	Sociocultural
Academia de Ciencias Sociais da China	Académico

## OUTROS ACTORES EN ESPAÑA, EUROPA E AMÉRICA

Unhas das conclusións máis determinantes do proceso de investigación é que as conexións entre os Camiños a Santiago e a Ruta da Seda son unha narrativa global con impacto e alcance global, que despertou a curiosidade

e a vontade de traballo en rede de entidades portuguesas, europeas e americanas.

Así as cousas o Hub de Galicia con China debe ter moi presente á coordinación coa acción exterior española e europea, especificamente da man do IGADI e Casa Asia, desde unha ollada internacional.

Universitat Pompeu Fabra (UPF)	Académico
UAM - El Cano	Académico
Asiademica	Académico
Asociación Española de Estudios Orientales (EAO)	Académico
Universidad de Comillas	Académico
Herrera Zhang (Navarra)	Académico- Asesoría
Cátedra China	Académico-institucional
Casa Asia	institucional
Fundación Consejo España China	Académico-institucional
Grupo de Investigación Inter Asia/ChinaCultu	Cultural
Iberchina	Medio de Comunicación
Asociación cultural AFIAS	Sociocultural
Centro de Investigações Superiores de Lisboa	Académico
CERAO, Centre d'Estudis i Recerca sobre Àsia Oriental de la Universitat Autònoma de Barcelona (UAB)	Académico

## 6. DIAGNOSE INTERNA

Identificamos por Diagnose interna a radiografía que podemos perfilar das relacións entre Galicia e China unha vez identificadas no apartado anterior aos actores e as principais lóxicas das relacións entre Galicia e China.

A diagnose interna permitiranos descifrar desde unha ollada aberta e abranxente, acoutada en cinco ámbitos de actuación: institucional, cultural, coñecemento e academia, económico e turístico, que axudarán a descifrar o mapa de relacións que indirectamente están xa a conectar ao Xacobeo e a Ruta da Seda.

De maneira sintética e como primeira fotografía panorámica das relacións entre o Xacobeo e a Ruta da Seda, debemos destacar coma claves interpretativas da diagnose das relacións actuais Galicia-China:

### INSTITUCIONAL

- Non existen fontes oficiais sistematizadas e públicas de ningún tipo arredor das relacións institucionais de Galicia con China, a excepción de documentos do propio IGADI, coma o Plan China, de Marola Padín na revista Tempo Exterior no ano 2010.
- Se ben é certo que non existe ningún documento propio público que de conta da historia das relacións bilaterais, si é certo que nos últimos dez anos a mesma ten dado unha volta de torca, especialmente co apoio de empresas galegas na China, as misións do IGAPE e até a simbólica primeira visita dun Presidente da Xunta a China (2017).
- Coma no conxunto da acción exterior de Galicia existe unha recorrente nova institucional que nos achega a China, mais esporádica e con forte valor simbólico, importante mais non suficiente.
- Os irmandamentos municipais das diferentes cidades galegas con diversas partes de China existen, aínda que escasos destaca negativamente a inexistencia de continuidade na relación. Noutros casos de cidades españolas como por exemplo Oviedo irmandada con Hangzhou (12 de maio do 2006) mantiveron axuda recíproca cara China no mes de febreiro e de retorno no pasado mes de abril a causa do Covid. Asturias está irmandada coa provincia china de Zhejiang (novembro 2008) e previamente tiñan firmado un convenio de colaboración en materia turística. Laredo (Cantabria) está irmandada coa cidade de Lizhou e existen actividades de promoción da cultura chinesa en Laredo.
- Para incrementar o coñecemento social da zona de Asia Pacífico, o goberno estatal mencionou xa no seu Plan para rexión 2008-2012 e posteriores a extensión das actividades de Casa Asia a outras comunidades como Valencia, Euskadi e Galicia. Sen embargo a mesma foi residual, anecdótica en Galicia se non fora pola presenza do IGADI, que recorrentemente intermedia en visitas institucionais de misións da China e Taiwán.
- Nun marco máis amplo, Galicia, ao igual que outras comunidades autónomas,



tamén se beneficia, en maior ou menor medida, non só dos logros derivados da súa propia acción exterior senón dos proxectos que o goberno de España dirixe a China, tales como o Ano de España en China (2007), participación nos Xogos Olímpicos de Beijing (2008), ou a calificación de China como “país preferente” pola Oficina Técnica de Cooperación Española (AECID), entre outros.

- Ao tempo, a participación na Unión Europea trae tamén oportunidades de adoptar unha actitude proactiva en relación a súa vida operativa internacional e asiática, coma este proxecto demostra na conexión entre os Camiños a Santiago e a Ruta da Seda.
- O conxunto dos actores entrevistados identifica coma unha necesidade asumir unha racionalización que achegue un mínimo de acompañamento as accións puntuais, dotándoas de sentido. Todos os actores identifican o liderado Xunta e ao Dpto de Acción Exterior e Economía. Todos os actores aspiran a un mínimo de facilitación, acompañamento, difusión de información entre outros.
- Como exemplo de colaboración descentralizada de China con Europa, cómprenos destacar, especialmente no marco da cultura xacobea, o caso de Navarra e Gansu, asentada no coñecemento mutuo, o longo prazo e o traballo directo nos sectores de agroalimentación, enerxías renovables, automoción e turismo.

## COÑECEMENTO, UNIVERSIDADE E ACADEMIA

- Son cada vez máis o número de convenios e intercambios que se establecen dende a Universidade de A Coruña (UDC), a Universidade de Santiago (USC) ou a UVigo (Universidade de Santiago) coas universidades en China.

- Destaca de maneira especial o caso da USC, que acumula un traballo acumulado singular con China que cómpre poñelo en valor, sen reserva da colaboración na mesma coa UdC e a UVigo.
- Tamén en relación a aprendizaxe do idioma identificamos un crecente interese e un aumento sostido do número de estudantes de chinés en Galicia.
- Sinalaremos por última ocasión que o IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional) xoga un rol especial nas relacións de coñecemento e achegamento coa China, por exemplo coa organización coa Chinese Academy of Social Sciences en Santiago de Compostela dun Foro co nome de “A cooperación sino-europea baixo a iniciativa da Franxa e a Ruta”.
- O conxunto dos actores entrevistados entende que a relación coa China implica unha ollada coidada de longo alcance, no que debe primar a coordinación e a aposta estratéxica, no contexto da Axenda 2030 e a relevancia da internacionalización académica como elemento crítico de desenvolvemento territorial e capacidade de innovación.

## CULTURAL

- As ligazóns culturais entre o Xacobeo e a Ruta da Seda son infinitas, ao tempo que os dous itinerarios afondan na historia da Europa e China, conectando épocas e pobos, e fitos históricos de referencia. Sen embargo son poucos os actores socioculturais que podemos identificar con relacións coa China desde Galicia, alén do caso do IGADI, e o sector audiovisual e artístico, con algunhas experiencias relevantes.
- O descoñecemento cultural entre Galicia e China é o déficit clamoroso que inunda toda a análise do conxunto de relacións de Galicia con China. A falla dunha proximidade histórica e xeográfica, asenta na

caricaturización e o descoñecemento profundo, que aínda que na inercia de estar a transformarse, asusta de profundo.

- Todos os actores entrevistados indican que a interese polas manifestacións artísticas e a lóxica das paisaxes e a natureza das dúas Rutas, unha sinerxía que cómpre poñer en valor desde a definición de marca, de maneira especializada ao mercado chinés.
- Cunha presenza de peregrinos coreanos e xaponeses en Compostela a chegada de peregrinos chineses é moito menor pero en gradual ascenso nos últimos anos. A historia destes camiñantes chineses foi tendo a súa pegada, principalmente, en dúas institucións que ata o de agora lideran este crecente interese dos cidadáns de China continental polo Camiño, a saber, o 北京卡弥诺国际文化交流中心 -Beijing Caminointernational CulturalExchangeCenter ( BCC, tamén coñecido en castelán como “Centro Intercultural para a Experiencia do Camiño. Beijing”), fundado en 2017 e a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en China ( 西班牙中华卡 弥诺之友协会), fundada en 2019, ambas oficialmente rexistradas como Asociacións de Amigos del Camino (AACSch). Como resultado do esforzo conxunto, a páxina web [www.buencamino.org](http://www.buencamino.org) e, sobre todo, a conta oficial de WeChat 北京卡弥诺国际 文化交流中心 con IDE:BuencaminoChina canalizan a información que estes peregrinos do Oriente necesitan.
- Estas dúas asociacións establécense como dous exemplos claros de intercambio cultural. Así se ve reflectido nas actividades que realizan, AACSch e BCC distribúense o ámbito de competencia entre España e China respectivamente en varios proxectos comúns, independentemente doutros proxectos máis concretos de cada asociación. Por exemplo, ambas asinaron no ano 2019 un acordo de irmandamento coa Asociación de Amigos dos Camiños de Santiago de Madrid. Outra entidades coas

que AACSch e BCC viñeron cooperando son a Embaixada de China, o Instituto Cervantes, o Instituto Confucio, as Asociacións de Estudantes Universitarios Chineses, entre outros.

- Esta é a clave, cómpre destacar que a realización do Camiño de Santiago ven motivada por moitos e variados motivos e xa deixou de ter o motivo relixioso a súa exclusividade. Así en China continental a mención o ámbito relixioso non ten boa acollida polas autoridades do Partido Comunista de China polo que a énfase debe establecerse no intercambio cultural, sen obviar o respecto espiritual e relixioso que ambas culturas promoven.

## ECONÓMICO

- Aínda que non existe ningún informe público do IGAPE que de conta das relacións con China, as relacións institucionais no ámbito económico, sufriron unha intensificación e recoñecemento indirecto a partir do ano 2017, co nomeamento coma Director de Internacionalización do IGAPE, Augusto Álvarez-Borrás Massó e a primeira visita do Presidente Feijoo a China.
- Ao tempo xa desde comezos da década dos 10 observamos un incremento de recorrente da presenza chinesa en Galicia e viceversa, así coma que a prensa de maneira recorrente referencia os investimentos chineses en Galicia, dándolle as veces un protagonismo e relevancia non aínda ben calibrado<sup>3</sup>, e posto en dúbida por máis dun especialista consultado ao longo desta investigación.
- En calquera caso cómpre identificar a estabilidade e a consolidación dos mercados onde os chineses realizaron as inxeccións

3 La Voz de Galicia 2019 “La cifra de empresas gallegas que exportan a China se duplica” [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/mercados/2016/10/09/cifra-empresas-gallegas-exportan-china-duplica/0003\\_201610SM9P2991.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/mercados/2016/10/09/cifra-empresas-gallegas-exportan-china-duplica/0003_201610SM9P2991.htm)

de capitais en Galicia: granito, conservas, construción... As inxeccións de capital chinés en Galicia pódense identificar en curva ascendente durante a última década con claridade, a dúbida sería o peso das mesmas no conxunto do estado.

- A hora de tratar as exportacións galegas a China, podemos tamén identificar a curva ascendente da última década. Sectores coma a automoción e a alimentación avanzan, con subidas e baixadas regulares. Todas elas sufriron un impacto pola Covid19.
- Cómpre salientar que, con maior ou menor reiteración, véñense sucedendo visitas de delegacións chinesas a Galicia aproveitando as súas longas xiras europeas, e a súa asistencia a feiras especializadas como a Semana Verde de Silleda é cousa común.
- En relación a China Galicia dispón do coñecemento no eido comercial das diferentes Cámaras de Comercio, do IGAPE e da experiencia das empresas galegas en China. Ademais, da existencia do Observatorio de la Política China u de IESIDE, a Escola de Negocios de ABANCA, que nos últimos anos incorporou programación específica para alumnado chinés.
- Todos os actores económicos entrevistados identifican a lonxanía cultural coma unha potencial ameaza permanente, que cómpre advertir e ter presente. As relacións de confianza, a capacidade de relación coas burocracias e a axilización de permisos varios atópanse eixos claros onde avanzar para consolidar corredores seguros de investimento. Moitas empresas prefiren investir en mercados máis pequenos pero con maior seguridade nas operacións e con maior axilidade na tramitación dos permisos necesarios. O descoñecemento é a grande barreira mutua.

## TURÍSTICO

- Non existen fontes oficiais públicas arredor das relacións turísticas de Galicia con China, sendo estas iniciáticas e pouco consolidadas, mediadas en moitos casos por axencias comerciais e accións puntuais da Axencia Galega de Turismo.
- Se ben é certo que non existe ningún documento propio público que de conta da historia das relacións bilaterais, si é certo que nos últimos dez anos a mesma medrou nas dúas direccións, aínda que de maneira anecdótica.
- Na Oficina de Peregrinos consta que o pasado ano 2019 rexistráronse 126 peregrinos procedentes de Hong Kong, 1062 de China e 1625 de Taiwán. O aumento de número sostenido de persoas peregrinas chinesas e chinesas desde o 2008 suspendeuse no 2019 de maneira minúscula, ensinándonos unha curva ascendente mais preto do anecdótica.
- Obsérvase por medio de distintos mecanismo que agora mesmo en Taiwán existe un coñecemento expandido do Camiño de Santiago e varias axencias de viaxe informan sobre a Ruta e as posibilidades de organización da viaxe.
- O mercado oriental no seu conxunto ten as súas propias características. Concretamente China, Hong Kong, Macao e Taiwán suscitan grande interese en Occidente pero a súa entrada no mercado debe ser continuada, segura e de calidade. A intencionalidade é clara por parte das autoridades galegas, a necesidade de atraer un turismo de calidade e non primar a cantidade. Iso leva tempo pero o investimento merece a pena. Na realidade práctica son necesarios máis recursos humanos e materiais para que estes obxectivos estean cubertos cun mínimo de eficiencia e unha decisión estratéxica no marco do medio-longo prazo, da década dos 20 ao S.XXI.

- Na actualidade existe un amplo número de publicacións en papel e dixital tanto no ámbito do turismo como no eido relixioso sobre o Camiño de Santiago. Necesítase tradución e difusión. Internet (webs, blogs e redes sociais) é unhas das mellores opcións aínda que non debe ter a exclusividade, si relevancia.
- A orientación de turismo de Galicia cara o mercado chinés está baseado en tres eixos principais: gastronomía, natureza e cultura. E así debe seguir sendo. Afondar nestes puntos é clave para asegurar atraer o público chinés
- En España si existe un gran número de asociacións de peregrinos e paulatinamente un número maior de axencias de viaxe chinas que axudan na primeira toma de contacto con todo o necesario para comezar a viaxe.
- A localización de Galicia, no outro extremo con respecto a China supón un atractivo así coma un obstáculo. A inexistencia da alta velocidade a Madrid dificulta tanto o retorno dos peregrinos asiáticos para ir ao aeroporto así como o desprazamento de viaxeiros ou turistas que non sendo peregrinos deciden achegarse a Galicia.
- A escaseza de información sobre Galicia en China fai que moitos “potenciais viaxeiros” aposten por destinos máis coñecidos e mellor comunicados da Península para visitar.
- A presenza do Camiño de Santiago nos medios internacionais está principalmente en lingua inglesa en xornais británicos como The Guardian ou o New York Times.
- En China destaca a ausencia de información traducida ao chinés. Só un dos folletos, o referido a Galicia en xeral está traducido, cando o turismo termal e sobre todo o cultural é moi demandado polo público chinés. Unha demanda é a pouca información en internet (apps, webs, blogs) en chinés.

Esta sería unha rama a explorar. Como xa foi mencionado anteriormente a existencia da Xunta nas redes sociais chinas daría un pulo moi grande o turismo chinés. Turopaña xa ten este servizo en <http://www.visitspain.com.cn/>

## 7. DIAGNOSE EXTERNA

Trala realización de 70 entrevistas a chineses, entre encontros presenciais, entrevistas online e realización de cuestionarios, débese destacar das respostas dos chineses que estiveron en Galicia as seguintes respostas:

- Entre as principais respostas rápidas atópanse a beleza da paisaxe natural (pastos, bosques, montañas), a gastronomía, as tradicións culturais, relixiosas e antigas, e especialmente o Camiño.
- Entre as entrevistas sobresaí a referencia repetida do Camiño ó Tibet para de Kora entre os practicantes budistas tibetanos, tamén destacou a Ruta da Seda e o Camiño Xuanzang (un monxe chinés que viaxou á India durante o século VII para aprender sobre o budismo e traelo de volta a China). Este tema relaciónase co concepto de “rutas culturais” que é popular só para a academia e expertos en patrimonio cultural en Chinés.
- En canto as formas de coñecemento do Camiño ou de Galicia, os resultados tamén mostraron que moitos amigos chineses do Camiño aprenderon sobre a ruta de peregrinación e Galicia a través da cobertura nos medios de comunicación (por exemplo das contas públicas nas redes sociais, por exemplo, o wechat de BCC), amigos (boca a boca) e películas (principalmente a película en inglés: *The Way*); pero só unhas poucas persoas saben sobre o Camiño e as canles de información son limitados.
- Un aspecto a destacar pola gran maioría e que hai moi pouca información dispoñible en chinés; a barreira do idioma, e o descoñecemento da cultura europea parecen ser as razóns polas que poucas persoas coñecen o Camiño. Polo tanto, ós amigos chineses do Camiño gustaríanlle ter información cultural e artística máis profunda traducida ao chinés, libros, apps, sitios web, películas e programas de televisión, redes sociais e outros métodos ou plataformas; máis exposicións, sesións de intercambio, eventos promocionais e outras promocións interactivas fose de liña do Camiño son as recomendacións que se aprecian nos resultados dos cuestionarios.

## 8. ANÁLISE DAFO DAS RELACIÓNS GALICIA-CHINA

Unha análise DAFO é unha ferramenta útil para avaliar a situación da relación actual entre Galicia e China, para pensar a relación futura desde o forte compoñente simbólico e culturas destas dúas rutas: o Camiño de Santiago e a Ruta da Seda.

Na observación e análise das súas fortalezas, debilidades, oportunidades dispoñibles e posibles ameazas basearase a proposta do plan de acción proposto na última parte do traballo.

## FORTALEZAS

Posición xeoestratéxica de Galicia: extremo occidental da Ruta da Seda

- Actores con coñecemento sobre China
- Seguridade do Camiño de Santiago
- Valoración positiva da paisaxe, gastronomía e hospitalidade
- Lingua galega
- Eixo Atlántico e proximidade a Porto (irmandado con Macau, Shanghai e Shenzhen).

Actores con coñecemento estratéxico sobre China.

Interese de actores chineses institucionais e económicos, na cultura e lingua galega.

## DEBILIDADES

Déficit de Comunicación Galicia China, coñecemento de linguas en Galicia.

- Falta de coordinación interna na acción exterior galega no seu conxunto. Debilidade da EGAEX.
- Falta de traballos galegos traducidos ao chinés, e do chinés ao galego
- Pouca bibliografía, webs e aplicacións con información dirixida ao público chinés
- Descoñecemento das empresas galegas e temor e sinofobia.

## AMEAZAS

Covid19 e nova normalidade e crise económica.

Que Galicia perda o tren.

- Retraso temporal de cara o 2021.
- Burocracia en China e Galicia.
- Visión curtopracista.
- Temor e sinofobia.
- Ausencia de visión de conxunto da paradiplomacia galega, española e europea.

## OPORTUNIDADES

- Aproveitamento dos recursos xa existentes: creación dunha rede de ex-alumno/as chineses das universidades galegas, irmandamentos dos concellos galegos con cidades chinesas...
- As narrativas de unión Xacobeo-Ruta da Seda, os Camiños a Santiago como capital europea do diálogo UE-China e promotora dunhas xornadas internacionais arredor dos ODS
- Coñecemento do Camiño grazas a películas, libros, recomendacións doutros peregrinos.
- Información nas redes sociais e internet. Formación, coñecemento e paradiplomacia online.
- Círculo/grupo de tradutores chinés/galego.

## 9.

# IDENTIFICACIÓN DE 5 LIÑAS NARRATIVAS DE UNIÓN ENTRE O CAMIÑO DE SANTIAGO E A NOVA RUTA DA SEDA

## RUTAS E CAMIÑOS DE UNIÓN ENTRE O XACOBEO E A RUTA DA SEDA

### LIÑA NARRATIVA 1: A RUTA INSTITUCIONAL, O DIÁLOGO UNIÓN EUROPEA-CHINA NO MARCO DA AXENDA 2030

Dado o peso específico do Xacobeo 2021 no marco das políticas públicas en Galicia e o eco dos Camiños a Santiago no dispositivo de creación cultural e cidadanía europea, Santiago e Galicia coma extremo occidental da Ruta da Seda teñen os elementos necesarios para ser a base do diálogo UE-China da próxima década e afrontar desafíos globais coma a crise da Covid19, a transición ecolóxica ou a prosperidade compartida. Na tradición confuciana o coñecemento mutuo e contacto institucional está na base de calquera desenvolvemento internacional.

### LIÑA NARRATIVA 2: A RUTA DA CULTURA, AS PAISAXES, O COÑECEMENTO MUTUO E AS MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS

Como afirmou o galego Fernando Pérez Barreiro na introdución do Breviario do Pensamento Clásico Chinés do ano 2002 “Quen estea interesado no mundo de hoxe non pode deixar de lado a China. E quen estea interesado no presente da China non pode deixar á parte o pasado desa cultura.”

### LIÑA NARRATIVA 3, A RUTA DO COÑECEMENTO, A ACADEMIA E A UNIVERSIDADE:

En tempos de Confucio os emperadores buscaban os máis sabios na procura do seu consello, do seu asesoramento, para a adopción das medidas políticas máis acertadas para o país e a creación de diversas escolas de pensamento dan mostra diso na actualidade. As Universidade e o IGADI teñen unha plataforma de diálogo con potencialidade no contexto da década Xacobeo e a Axenda 2030.

### LIÑA NARRATIVA 4: A RUTA DA LINGUA, DE MACAU A GALICIA E CHINA

Macau como antiga colonia portuguesa e a existencia da eurorexión Galicia-Norte de Portugal debería ser aproveitada en maior medida na realización dun programa de actividades e visitas encamiñado a conformar un plan sólido de entrada e mantemento en China. Pódense empregar os seguintes recursos desde a lóxica global tamén das relacións de Galicia coa lusofonía a diáspora galega no exterior ou os irmandamentos das cidades galegas.



## LIÑA NARRATIVA 5: A RUTA DO COMERCIO E O TURISMO SOSTIBLE

Os Camiños a Santiago e a Ruta da Seda levan séculos sendo itinerarios de contacto económico, así coma de viaxes e aventuras. Nas últimas década e desde a distinta natureza dos dous itinerarios, o Xacobeo e a Ruta da Seda son motores de contacto e colaboración económica de distinta natureza, con inmenso potencial de futuro e diálogo no marco do S.XXI. Desde os portos galego aos intercambios turísticos, aínda en estado moi incipiente.

# 10.

## CAMBIO DE PRISMA E PLAN CHINA 2030

O presente plan de actuación inspírase nas cinco liñas narrativas de unión identificadas entre o Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda neste Informe. Así as cousas emprega as cinco rutas de unión entre os dous itinerarios formulando unha matriz do marco lóxico, que nunha visión de rápido alcance presente 5 liñas de traballo con resultados e actividades medibles para o horizonte da próxima década.

O desenvolvemento deste Plan débese entender en liña coa Estratexia Galega de Acción Exterior e o desenvolvemento da segunda fase do proxecto “Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” que desenvolveremos durante o ano 2021 grazas á segunda convocatoria de proxectos “O Teu Xacobeo”

### CAMBIO DE PRISMA: O CAMIÑO MOVESE

O Camiño de Santiago é na actualidade un fluír de viaxeiros que emprenden unha empresa cultural, espiritual, relixiosa, deportiva ou por diversión pero en ningún caso exenta de aprendizaxe. Esta aprendizaxe non académica, ondeas paisaxes, a arquitectura, os costumes e outros modos de pensar entre outros enriquecen a experiencia do peregrino na súa viaxe imprimen a este itinerario unha riqueza potencial máis aló do experimentado durante o percorrido físico.

O camiño de Santiago é un dos camiños do saber que o peregrino pode percorrer na súa vida. Así este, non se pode entender soamen-

te coma unha senda de terra senón coma un percorrido interior. A relevancia do camiño descansa no proceso que implica. Un camiño que simboliza o camiño de calquera ser humano vivo, aprendendo a deixar unha paisaxe para tomar outra, enriquecéndose coa posesión pero tamén a desposesión. A experiencia da pobreza é algo que experimenta todo peregrino, pois non pode incrementarse o peso salvo cos tesouros do seu interior, do seu saber, da adquisición de novas experiencias e da súa vontade libre. As cousas quitan, a desposesión aporta, paradóxicamente, liberdade. O camiño de Santiago é así unha alegoría do vivir, e tamén do coñecer. O camiño convértese así nun camiño de meditación privilexiado entre paisaxes diversas, pobos, culturas e monumentos.

O camiño de Santiago, como calquera viaxe ten unha meta, un obxectivo a alcanzar e implica un esforzo. Unha combinación de factores que se converte nunha aventura. Son as paisaxes unha das razóns que máis se destacan entre os cuestionarios realizados para este proxecto así como noutras conversas con viaxeiros chineses que visitan o noso país. Así, este proceso podería ser enriquecido coa arte en forma de esculturas, murais, textos, citas no camiño que transmiten efectos, tradicións, valores, sabedoría popular ou citas de escritores, filósofos locais. Ese camiño interior é a clave pola que hoxe en día este itinerario segue tendo vixencia. Deberíase enriquecer aínda máis.

En realidade, no mundo hai varios puntos de interese, non só relixioso, que moven a millei-

ros de persoas a visitalos anualmente, sen embargo carecen do proceso de peregrinaxe que ata eles leva. Por exemplo, en termos relixiosos, cóntase con Roma, A Meca ou Xerusalén. O respecto e a non ruptura coa esencia do camiño é o importante. No caso do camiño de Santiago na actualidade destaca a non exclusividade da motivación relixiosa para realizalo polo que as institucións públicas debería aproveitalo para sacarlle ó maior proveito, así como antigamente fixeron as autoridades cristiás levantando maiormente igrexas e hospitais nos eixos principais do percorrido. As mencións culturais deberan ser unha referencia. Estas crean pensamentos e incluso debate e poden motivar a reformulación de comportamentos que permitan mellorar actitudes e xermolar novos proxectos. O camiño promulga a paz entre os seres humanos e así a consecución dalgúns dos 17 principios da Axenda 2030.

Se se conseguira tal obxectivo que ese proceso interior se producira de maneira tal que nunha entrevista de traballo en calquera punto do planeta Terra un encargado de recursos humanos fixera a seguinte pregunta: vostede realizou o camiño de Santiago? En caso afirmativo, que ensinanzas conseguiu? Como aplicarías esas ensinanzas a esta empresa?

En China destaca a peregrinaxe dos budistas tibetanos a Lhasa para levar a cabo a Kora. Unha peregrinaxe moi difícil polas condicións orográficas.

Necesítase un permiso oficial do goberno chinés para visitar o Tíbet e un específico para a rexión de Kailash. O “sendeirismo” non se pode facer por conta propia, é necesario ir nunha viaxe organizada. A viaxe comeza en Lhasa, a varios días en coche do monte Kailash. Durante o percorrido, visitan mosteiros e o lago sagrado de Manasarovar. Estes días son bos para aclimatarase á altitude pois pódense sufrir as consecuencias do denominado mal de altura, xa que o aire que se respira

nas súas rúas só ten o 68% do osíxeno que hai ó nivel do mar.

China descríbese como un estado aconfesional mais segundo se especifica no Libro Branco de Liberdade de Crenzas relixiosas en China as principais son o Budismo, Taoísmo, Islam, Catolicismo e Protestantismo. Existen numerosos templos adicados a cada unha delas. Cabe sinalar tamén a presenza de templos adicados a figura de Confucio, que sendo un filósofo que viviu entre o 551 - 479 a. C. conseguiu crear un grupo de discípulos que difundiron as súas ensinanzas.

Por outra banda, a estética é a rama da filosofía que se adica a estudar a beleza, tanto na súa esencia (o que é) como na súa percepción (onde se atopa). A estética é percibida de maneira diferente por aqueles viaxeiros cunha base confuciana na súa educación. Pódese apreciar na estimulación que produce a visualización dunha obra de arte e a habilidade dun chinés para prestar atención ós máis mínimos detalles. Estas habilidades aprendidas deben ser tidas en conta á hora de enriquecer o camiño. Seguro que serán ben aproveitadas.

A mirada que camiña vai dirixindo os sentidos que resoan no interior da persoa ante as distintas paisaxes coas que se atopa. Así o peregrino non ten a mesma percepción andando que cabalgando ou que en bicicleta e os contidos difiren coa velocidade. Non son rutas iguais aínda que se pase polo mesmo camiño. O mesmo que a idade cambia a lectura, pola experiencia adquirida, a paisaxe é diferente segundo o estado de ánimo de quen o transite e asemade o modo no que recorra o camiño. A isto únese a bagaxe cultural de peregrinos doutras culturas como Corea, Xapón ou China que poden aportar con matices unha lectura diferente das paisaxes que disfrutan durante o camiño. Así no camiño de Santiago hai, segundo conceptos de Marchán Fiz, as percepcións cinéticas nas que os fitos mitolóxicos ou tópicos orientan o camiñante.

Coma aventura, o achegamento entre Galicia e China, as súas culturas e itinerarios universais, debera entenderse no marco da promoción do Camiño coma un capítulo por explorar e desenvolver desa Galicia, un relato no mundo, que protagonizou a exposición na Cidade da Cultura, arredor da milenaria historia de Galicia e o seu perfil universal nunha das primeiras grandes exposicións temáticas polo Xacobeo 2021.

O cambio de prisma ollando ao Oriente para os Camiños, enlaza cunha crise da Covid19 que obriga a reinventar espazos, discursos, narrativas e mesmo propagandas. A incerteza da duración da nova normalidade e a vacinación masiva altera e pon en suspenso os ritmos, mais obriga a repensar os fondos e as aventuras a incorporar neste relato para o futuro entre a Galicia e China. Na tradución da labor histórica do IGADI, pasar dunha visión centrada no número de visitantes internacionais, a unha visión panorámica, integral, que achegue valor para ser nós no mundo traducíndoo en oportunidades e beneficios para a nosa sociedade.

Cada vez que chega un peregrino a Santiago o camiño móvese. A orixe dos peregrinos é diferente así como a motivación que os inspira a dar ese primeiro paso. Entón por qué non comezar o camiño en Oriente?

## PLAN DE ACTUACIÓN CHINA 2030

No marco do proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” o IGADI propuxo identificar a rede de intereses Galicia-China proponendo un Plan de acción.

Así as cousas trala identificación da rede de intereses Galicia-China, a diagnose interna realizada do estado das relacións, a proposta do IGADI aspira a ter utilidade práctica, pese as reiteradas ocasións nas que fracasamos nos nosos intentos durante a última década por incorporar unha ollada chinesa na acción exterior de Galicia, xa desde antes do artigo

de M. Padín na revista Tempo Exterior en 2010 “Un Plan China para Galicia”.

Preséntase así unha ficha, un conxunto de ideas mínimo de Plan de actuación, que no horizonte de dous plans quinquenais Galicia-China, desenvolva unha plataforma para o futuro e o retorno en todos os ámbitos: institucional, de coñecemento, cultural, económico... A proposta de Plan de actuación aséntase na información do presente infome e no conxunto do traballo acumulado arredor da acción exterior de Galicia do IGADI. No obxectivo de poder ser operativo, o Plan que aquí presentamos debera desenvolverse durante o ciclo 2021-2022.

Grazas á segunda fase da convocatoria de O Teu Xacobeo, asegúrase a realización durante o 2021 do Resultado 1. Creado un Hub dixital Galicia-China, e do R.10. Promovidos os Camiños a Santiago coma espazo do diálogo UE-China.

Non falamos de fastosos gastos e inversións en grandes eventos, se non de que se aposte con ollada de longo prazo unha zona determinante do planeta na próxima década e no próximo século. Presentamos as bases dunha experiencia pioneira coa China, en liña coa sociedade dixital e global en construción. Un plan que poda ser medible, razoable a todos os niveis e que aprenda co seu desenvolvemento, desde a concepción da dixitalización e a transición ecolóxica que a crise da Covid10 acabou por acelerar. Un plan que integre as institucións e a sociedade galega para xerar unha ponte coa China para o mundo global do S.XXI. Un cambio de prisma nos Camiños e a Galicia global, un cambio de prisma entre o Xacobeo e a Ruta da Seda.

## VISIÓN ESTRATÉXICA PLAN CHINA 2030

O desenvolvemento da acción exterior galega ao longo da década dos 20 ten na Axenda 2030 e a Década Xacobeana (da que agora se fala de artellar un Plan Estratégico 2021-2032) referencias temporais e ordenadoras do

conxunto das súas accións para a próxima década. A maximización das oportunidades de Galicia con China precisan dunha ollada longa, dunha década sistemática de esforzos sustentables e acumulados.

### Obxectivo Xeral:

Promover a normalización dunha plataforma Galicia-China para a década dos anos 20 no marco da Axenda 2030.

### Cronograma:

O presente plan de actuación aspira a desenvolverse ao longo de dous Plans estratégicos Galicia-China de cinco anos de duración Plan China 2021-2025 e Plan China 2026-2030.

### Principios inspiradores

- Liderazgo da Xunta de Galicia
- Estratexia Galega Acción Exterior.
- Coordinación interinstitucional e gobernanza: municipal, académica, sociedade civil galega, estatal e europea.
- Década Xacobeo.
- Axenda 2030

## Obxectivos Específicos, Resultados e Actividades

Na próxima páxina preséntase unha matriz de traballo en liña coas 5 rutas narrativas de unión entre o Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda. Preséntanse unha serie de Resultados e actividades, programables para o ano 2020-2021, en liña coa segunda fase do presente proxecto.

### PLAN DE ACTUACIÓN CICLO 2021-2022

No contexto actual de crise e incerteza pola pandemia da Covid19 o presente Plan aspira a poñer en valor o Informe para as anualidades 2021 e 2022. As partes marcadas en vermello son as que se desenvolverán durante o ano 2021 dada a concesión da segunda fase do proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” (as outras, dependerá coma sempre da vontade política, tanto da Xunta de Galicia e institucións galegas, así coma doutros potenciais financiadores, no marco do Estado español e a UE)

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

### OE1. Normalizar o liderazgo da Xunta na coordinación institucional nas relacións Galicia-China

RESULTADOS	DESCRIPCIÓN BÁSICA	ACTIVIDADES CHAVE
RI. Activado o Hub dixital Galicia-China (2ª Fase do proxecto)	Durante a segunda fase do proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente o IGADI pormoverá un Hub dixital que de sorporte, visibilice e facilite a relación entre actores galegos, españois, europeos e chineses baixo as 5 narrativas de unión entre o Xacobeo e a Ruta da Seda.	A1. Creación da web. A.2.Actualización semanal da web

R.2. Reforzada a rede galega na China (actores institucionais, económicos, institucionais...).	Reforzarase á rede dos actores en diversos sectores, coa participación activa na produción e desenvolvemento do Hub dixital.	A.3. Encontros online trimestrais da Rede Galicia-China.
R3. Reforzada a paradiplomacia local galega.	Renovados os irmandamentos e relacións bilaterais con cidades chinas de Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra e Lugo. Posicionada Pontevedra coma referencia de cidade modelo da Axenda 2030	A.4. Compostela capital pola Axenda2030. A.5. Da cidade atlántica aos mares da China. A.6. De Pontevedra a Macau. A.7. A Muralla de Lugo na China
R4. Impulsada presenza institucional chinesa en Galicia ou delegación do Instituto Confucio	Promoverase a chegada dun Instituto Confucio ou outras institucións chinesas coas que ter interlocución permanente en Galicia.	A.8. Xuntanzas Xunta de Galicia-China.

## OE2. Aumentar a conectividade Galicia-China por medio da investigación, o coñecemento, a Academia e as Universidades.

RESULTADOS	DESCRIPCIÓN BÁSICA	ACTIVIDADES CHAVE
R5. Impulsado Convenio de actividades Xunta de Galicia-IGADI-Casa Asia.	Convenio que supón o marco de actividades de diversa índole para a promoción do coñecemento sobre China en Galicia e da promoción de Galicia en China	A.9. Definición do convenio
R.6. Promovidas Rede Universidade galega- Universidade China	2 Encontros semestrais para impulsar proxectos e alianzas conxuntas estratéxicas.	A10. Foro Universidade Galicia-China

## OE3. Promover a conexión co portugués, Macau e a lusofonía coma elemento de valor engadido na relación coa China

RESULTADOS	DESCRIPCIÓN BÁSICA	ACTIVIDADES CHAVE
R7. Cooperación co Foro Macau	Creación dun grupo de traballo que integre entidades públicas e da sociedade civil e realice unha axenda de actividades de cara á participación de Galicia no Foro Macau..	A11. Intercambio de delegacións co Foro Macau.

R.8. Realízase evento e campaña de difusión do Xacobeo 2021 en Macau en coordinación cos outros países da lusofonía.	No marco da Lei Paz Andrade deséñase unha campaña promocional do Xacbeo 2021 con dous públicos diferenciado e o frío condutor da liña cultural e lingüística entra Galicia e China; a lusofonía e Asia.	A12.Campaña “ Os camiños globais da lingua, de Macau a Uruguai e África”
--	---	--

#### OE4. Mellorar o coñecemento mutuo entre Galicia e China para a cultura, os negocios e o turismo sustentable calidade e de calidade

RESULTADOS	DESCRICIÓN BÁSICA	ACTIVIDADES CHAVE
R9. Realizados cursos masivos orientados a público galego de formación online en 3 liñas diferenciadas, negocios en China, as artes en China, turismo en China.	A Xunta de Galicia, Casa Asia e o IGADI, definirán en liña coa Rede de itinerese Galicia-China a definición anual de 5 cursos específicos de formación arredor das relacións de Gaicia con Chian: negocios, turismo, academia...	A13. Definición e execución de cursos trimestrais.  A14. Creación da comunidade de interese online .Galicia-China

#### OE5. Promover os Camiños a Santiago como capital do diálogo UE-China no marco da Axenda 2030

RESULTADOS	DESCRICIÓN BÁSICA	ACTIVIDADES CHAVE
R10. Realizado en Galicia o Foro UE-China Axenda 2030 (Nos Anexos pode identificar a análise da xustificación desta proposit).	Para consolidar a relación a prol da Axenda 2030 no diálogo entre o Xacobeo e a Ruta da Seda deseñáronse 4 foros temáticos a desenvolver durante o ano 2021 arredor dos distintos 17 ODS e as liñas de interese común e diálogo e cooperación entre a Unión Europea e China.	A5.1 Foro temático UE-China ODS 1,2 E 3.  A5.2. Foro temático UE-China ODS 47 A5.3. Foro temático UE-China ODS 11 e 14  A5.4. Foro temático UE-China ODS17



# 11.

## CONCLUSIONES

Con todo o exposto neste informe pódese concluír que Galicia posúe recursos en todas as áreas, en maior ou menor medida, para levar a cabo unha axenda de actividades e encontros co obxectivo de dar a coñecer os Camiños e as potencialidades de Galicia en China.

En primeiro lugar constátase a existencia dunha rede Galicia-China xa a funcionar, multidimensional, e con vínculos de alta calidade, así coma forte potencialidade de futuro. A propia existencia dun centro especializado en estudos chineses coma o IGADI, os bos números de empresas galegas exportadoras en China nos últimos anos, así coma a recente interese da Xunta de Galicia, coa primeira visita dun Presidente galego a China, o cada vez maior coñecemento por parte da cidadanía local sobre asuntos relacionados como xigante asiático, o incremento do número de estudantes universitarios chineses en Galicia, a viva relación académica por medio da Universidade e grupos de investigación de distintos ámbitos entre outros son todo exemplos de dinámicas crecentes de relacións, e a realidade dun ecosistema con capacidade de multiplicar os retornos para Galicia.

En segundo lugar constátase que a propia Rede de relación Galicia-China, está fortemente influenciada e dependente de entidades, institucións e persoas, de España e o propio marco da Unión Europea. As conexións simbólicas e operativas da relacións cultural ou económica entre os Camiños a Santiago e a Ruta da Seda son identificados por acto-

res galegos e chineses, mais tamén españois, portugueses, europeos, americanos... coma elementos de forte valor simbólico e de diálogo cultural, entre a Unión Europea e China Falamos dun diálogo, dunha narrativa con capacidades globais que pode promover Galicia e os Camiños a Santiago cun forte valor engadido,

En terceiro lugar, esta narrativa, estas conexións entre os Camiños e a Ruta da Seda atópanse no contexto da Crise da Covid e o horizonte da Década Xacobeana e a Axenda 2030, cun escenario incerto no inmediato, mais ideal na ollada a longo prazo, mais de inmediato protagonismo e posibilidades de posicionamento e incidencia real.

En cuarto lugar cómpre destacar que mais alá do papel das institucións, calquera ollada estratéxica debe coidar as persoas chave, aos enredadores, aos facilitadores da relación entre os dous países, aos intermediarios culturais... Principalmente porque podemos percibir a inexistencia de liñas de traballo e compromiso de estabilidade na axenda exterior das institucións galegas. O coñecemento mutuo, a aprendizaxe das linguas, a capacidade de crear sinerxías e relacións positivas entre as persoas e os dous países, está na base do éxito de outras oportunidades por aproximar.

Por último, nestas rápidas conclusións preliminares anteriores as Xornadas finais do proxecto do 14, 15 e 16 de outubro "O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo



go Oriente-Occidente” e constatando que no momento de redacción deste informe a crise da COVID-19 está chegando a súa segunda ola en Europa, e moitas son as incertezas arredor desta situación, a propia existencia deste proxecto consegue de maneira operativa o Plan Director do Xacobeo, coa apropiación por parte da sociedade civil da natureza do evento e a súa capacidade de diálogo global, desde o respecto mutuo e as sinerxías por explotar. Non só en liñas co Xacobeo, se non coa EGAEX, e coa propia acción exterior española e a súa paradiplomacia pública, así como a conexión europea da mesma, ou a axenda global de Nacións Unidas,

Finalmente cómpre lembrar que este Informe e o seu Resumo son produtos concibidos de maneira dinámica dentro do conxunto total do proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” polo que se entenden coma procesos de longo percorrido en constante actualización, en liña operativa co resto de resultados do proxecto, nun espazo sensible coma as relación de Galicia e a UE coa China, especialmente na situación de pandemia da Covid19. Procesos de longo percorrido sempre desde ese marco temporal, mais tamén político, técnico ou cultural, que é a Axenda 2030.











*Xacobeo*  
2021<sup>ea</sup>  
*Ruta*  
da  
*Seda*



CAMIÑOS  
PARA O  
DIÁLOGO  
ORIENTE  
OCCIDENTE

INSTITUTO  
GALEGO  
DE ANÁLISE  
E DOCUMENTACIÓN  
INTERNACIONAL



[www.igadi.gal](http://www.igadi.gal)